

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.  
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA  
PO-254 (PONTEAREAS) E PO-262 (MONDARIZ)**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é definir e valorar os traballos necesarios para a creación dun itinerario de uso mixto, peonil e ciclista, en tres treitos da estrada PO-254, nas parroquias de Bugarín, Prado e Pías, do concello de Ponteareas; e nun treito da estrada PO-262, no concello de Mondariz. Todo elo co fin de fomentar a mobilidade sostible e mellorar a seguridade viaria na contorna.

## 2. Plan de Estradas

As estradas convencionais PO-254, *Ponteareas (N-120) - Mondariz (PO-262)*, e PO-262, *Vilasobroso (N-120) - Mondariz (PO-254)*, pertencen á rede Local da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

## 3. Descrición da Actuación

- Na PO-254 executarase unha senda de uso compartido no tramo Bugarín-Prado-Pías, en varios subtreitos:
  - Entre o punto quilométrico (P.Q.) 1+270 e o 2+230, na parroquia de Bugarín, proxéctase unha senda pola marxe dereita da estrada.
  - Entre o P.Q. 2+920 e o 3+630, na parroquia de Prado, proxéctase unha senda pola marxe esquerda da estrada.
  - Entre o P.Q. 4+280 e o 5+800, na parroquia de Pías, proxéctase unha senda que discorre pola marxe esquerda ata o P.Q. 5+100, e pola marxe dereita entre o P.Q. 5+090 e o 5+800.
- Na PO-262, executarase unha senda de uso compartido no treito Matadoiro-Mondariz entre os PP.QQ. 2+800 e 3+190, que discorrerá pola marxe dereita da estrada.

O deseño complétase con outras actuacións complementarias: execución de bandas de aparcamento; reservas de parada de autobuses e instalación de marquesiñas, reorganización da intersección entre a PO-254 e a PO-253 para permitir o cambio de sentido; execución dun pequeno muro de pedra de 30 cm de anchura e altura  $\leq 50$  cm pola diferenza de cota entre a calzada e as fincas lindeiras; disposición de novos pasos de peóns que dean continuidade á senda (un na PO-253 e outro no P.Q. 5+090 da PO-254); e obras de iluminación, telecomunicacións, drenaxe, sinalización vertical e horizontal e varadas en desniveis  $> a 55$  cm.

## 4. Características técnicas

**Sección tipo:** a senda contará, en xeral, cunha anchura de 2,02 m (bordo incluído) que, puntualmente pode verse reducida ou ampliada para adaptala á realidade física da contorna.

Fíxase un ancho xenérico da beiravía de 0,5 m en todo o trazado da senda, que se verá modificado nas seguintes zonas puntuais: nas curvas a dereitas de radio reducido (entre o P.Q. 1+850 e o 1+900 da PO-254 e entre o P.Q. 2+800 e 2+900 da PO-262), a beiravía amplíase a 1 m por seguridade viaria; e nas zonas con máis limitacións de espazo, redúcese ata un mínimo de 0,25 m.

### Firmes e pavimentos:

- Senda: 6 cm de formigón HF-3.5 coloreado en cor terriza + 10 cm de formigón HF-3.5 sen cor + 20 cm de saburra artificial; limitada coa estrada por un bordo prefabricado de formigón, de 22x15 cm, elevado 10 cm sobre a calzada.

Nas zonas onde se proxectan vaos de vehículos, reducirase a altura do bordo a 2 cm respecto da rasante da estrada; o pavimento será monocapa coloreado, terá un espesor de 20 cm; e reforzase con malla Ø10 de 15x15 cm.

Nos accesos a pasos de peóns, nos comezos/fins de senda e nas paradas de autobús, dispónse pavimento táctil de cor diferenciada, con baldosa hidráulica de 30x30 cm, con indicador de botóns ou direccional, segundo o caso.

- Intersección no P.Q. 3+520 (PO-254 A PO-253): 6 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) AC surf BC50/70 S + rega de adherencia C60B3 TER + 10 cm MBQ AC32 base BC50/70 S + rega de imprimación C60BF4 IMP+ 35 cm saburra artificial ZA-20. Ademais, se é necesario, levarase a cabo unha regularización en toda a intersección, cun espesor máximo de 6 cm AC22 surf BC50/70, para acadar unha continuidade das superficies.

- Accesos no P.Q. 1+500 e 3+030 da PO-254; paradas de autobús, bandas de aparcamento e illas de contedores de RSU; e intersección no P.Q. 5+220 da PO-254: 6 cm de MBQ AC surf BC50/70 S + rega de imprimación C60BF4 IMP+ 25 cm saburra artificial ZA-20.

**Drenaxe:** adecuación dos elementos de drenaxe lonxitudinal existentes.

**Iluminación:** canalizacións para un futuro soterramento das liñas, coa instalación de dous tubos de PE de 75 mm de diámetro exterior, embebidos nun dado de formigón HM-20.

**Telecomunicacións:** instalación, baixo a senda, dun prisma de telecomunicacións, composto por catro tubos de PE de 75 mm de diámetro exterior, embebidos nun dado de formigón HM-20.

**Estruturas:** proxéctanse tres muros na PO-254, un muro de pedra no P.Q. 1+410 de altura máxima 1,5 m; outro muro de pedra no P.Q. 3+520 de altura variable de 0,65 m a 3 m; e un terceiro muro de formigón prefabricado en L no P.Q. 4+610 de 1,5 m de altura.

## 5. Poboación Servida (INE 2025)

Ponteareas 23.211 hab. Mondariz 4.456 hab.

**TOTAL: 27.667 hab.**

## 6. Concellos Afectados

Concellos de Ponteareas e Mondariz.

## 7. Expropiacións

Parcelas afectadas de titularidade privada: 35 (no concello de Ponteareas, pola actuación proxectada na PO-254).

|                       |             |
|-----------------------|-------------|
| Solo                  | 4.536,50 €  |
| Bens afectados        | 5.090,00 €  |
| Premio de afección 5% | 481,33 €    |
| Ocupación temporal    | 183,85 €    |
| Total Expropiacións:  | 10.291,68 € |

## 8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.

## 9. Orzamentos

|                                              |                |
|----------------------------------------------|----------------|
| Orzamento Base de Licitación (c/IVE)         | 1.847.382,64 € |
| Orzamento de Expropiacións                   | 10.291,68 €    |
| Orzamento de Seguimento Arqueolóxico         | 13.781,88 €    |
| Orzamento de Reposición Servizos Afectados   | 19.250,56 €    |
| Orzamento para Coñecemento da Administración | 1.890.706,76 € |



## 10. Orzamentos por concello e estrada

| Concello/estrada  | Orzamento      | Porcentaxe |
|-------------------|----------------|------------|
| Ponteareas/PO-254 | 1.716.023,35 € | 90,76 %    |


Mondariz/PO-262  
PLANO DE SITUACIÓN

174.683,41 €

9,24 %




SECCÍONS TIPO



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA

Escala 1:20 en A3 (cotas en m)



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA EN ACCESOS DE VEHÍCULOS

Escala 1:20 en A3 (cotas en m)